ACTIVIDADES · OBRADOIROS · PROCESIÓN DAS ÁNIMAS
ANIMACIÓN NA CIDADE



DO 23/10 AO 1/11 · 2026

CASA DA LUZ
SOPORTAIS DA PRAZA DA FERRERÍA
PONTEVEDRA

A NOITE DOS CALACÚS

Concello
de Pontevedra

ACTIVIDADES PREVIAS

23 de outubro VENRES

VISITAS GUIADAS AO CEMITERIO DE SANTO AMARO

17.00 h Cemiterio de Santo Amaro
"A Pontevedra do alén"
Roteiro para público **INFANTIL E FAMILIAR**: misterios, aventuras e historias descoñecidas dun espazo único, contadas cunha chea de humor.

25 de outubro DOMINGO

VISITAS GUIADAS AO CEMITERIO DE SANTO AMARO

18.00 h Cemiterio de Santo Amaro
"A Pontevedra do alén"
Roteiro lúdico para público **ADULTO**: coñece *in situ* a historia do camposanto pontevedrés e das persoas que nel descansan.

30 de outubro VENRES

PAQUITA SALAS. PONTEVEDRA SHOW

18.00 h Facultade de Comunicación (UVigo)
Para as ánimas máis cinéfilas: proxección especial da serie, concurso de disfraces dos seus personaxes e moitas sorpresas máis!

Do 26 de outubro ao 1 de novembro

Antigamente, na noite de Defuntos, deixábanse anacos de pan na mesa para as ánimas, que o levaban na súa viaxe cara ao alén. Queremos recuperar este costume, hoxe a piques de desaparecer. Proba a receita especial de **PAN DE ÁNIMAS** nestes establecementos:

ACUÑA
- Rúa Andrés Muruais, 9
- Rúa Michelena, 32
- Rúa Benito Corbal, 1

AMÁSAME BAKERY LAB
- Praza dos Maios, 6 (rúa Eduardo Pondal)

A DEVESA
- Rúa Marqués de Riestra, 38
- Rúa Loureiro Crespo, 4
- Rúa Italia, 35
- Rúa Benito Corbal, 14
- Rúa Xoán Bautista Andrade, 4, esquina coa rúa Luis Otero

XEVE
- Rúa Peregrina, 22
- Rúa Benito Corbal, 54
- Rúa Echegaray, 41
- Rúa Rosalía de Castro, 12

PANADERÍA PASTELERÍA CONCHI
- Rúa San Antoniño, 1

CONFITERÍA SOLLA
- Rúa Michelena, 7

MILLO OBRADOR
- Rúa Marqués de Riestra, 30

ENTREMIGAS
- Rúa Antón Fraguas, 13

ANXEMÍ
- Rúa Eduardo Pondal, 38
- Rúa Rosalía de Castro, 48

PONTEPAN
- Rúa Rosalía de Castro, 37
- Rúa Uxío Novoneira, 6
- Avenida de Lugo, 4
- Avenida de María Victoria Moreno, 41





31 de outubro SÁBADO

OBRADOIROS PARA TODOS OS PÚBLICOS

CASA DA LUZ - PRAZA DA VERDURA

Rúa Conde de San Román, 23

DE 17.30 H A 20.30 H

OBRADOIROS DE COLARES DE ZONCHOS

Elaboraremos colares de castañas cocidas, tradición senlleira desta época: cada castaña comida libera unha ánima do Purgatorio. Apuntádesvos a facelos e a lucilos?

2 quendas: ás 17.30 h e ás 19.45 h
Idade: a partir de 6 anos, con persoa adulta
Número de prazas por quenda: 14
É necesaria inscrición previa en: anoitedoscalacus@gmail.com
*Prazo de inscrición: a partir do luns 26 de outubro ás 17.00 h

OBRADOIRO DE COCIÑA DE DEFUNTOS

PAN DE ÁNIMAS

Elaboraremos "ao noso xeito" esta receita de culto ás ánimas, que non pode faltar en ningún fogar esta noite. Revive connosco o costume de deixar pan na mesa para lembrar os nosos seres queridos do alén.

1 quenda: ás 18.30 h
Idade: de 4 a 8 anos
Número de prazas: 14
É necesaria inscrición previa en: anoitedoscalacus@gmail.com
*Prazo de inscrición: a partir do luns 26 de outubro ás 17.00 h

POSTOS DE MAQUILLAXE PARA A PROCESIÓN DAS ÁNIMAS

Dálle o toque final e máis arrepiante ao teu disfrace para desfilar na **Procesión das Ánimas.**

2 postos de *pintacaras* dispoñibles de 17.30 h a 20.00 h
Para todos os públicos (menores sempre acompañados dunha persoa adulta)
Sen inscrición previa, por orde de chegada

OBRADOIRO DE PANTASMAS E DISFRACES DE ÁNIMAS

*PARA A PROCESIÓN DAS ÁNIMAS ÁS 21.00 H

Fai connosco o traxe acaído para desfilar na **Procesión das Ánimas** cara ao Purgatorio máis arrepiante da cidade. Esperámosvos!

Nota: hai material para todas as persoas participantes, pero podedes traer a vosa propia saba ou tea branca para o disfrace de ánima.

3 quendas: ás 17.30 h, ás 18.30 h e ás 19.30 h
Para familias con nenas e nenos a partir de 4 anos
Número de prazas por quenda: 14
É necesaria inscrición previa en: anoitedoscalacus@gmail.com
*Prazo de inscrición: a partir do luns 26 de outubro ás 17.00 h

CONTOS DE MEDO E ARREPÍOS

AS TOUPEIRAS

Garavanciño e A Noite dos Calacús. ***Estrea exclusiva!**

Garavanciño vai descubrir a noite máis misteriosa do ano... e precisa axuda e compañía! Lendas, música en directo e moitas cousas máis nun contacontos para escoitar en familia e coñecer as nosas tradicións, cun chisco de medo e tamén moitas risas.

Planta baixa da Casa da Luz
3 sesións: ás 18.00 h, ás 19.00 h e ás 20.00 h
Para público familiar
Sen inscrición previa, por orde de chegada

SOPORTAIS DA PRAZA DA FERRERÍA
DE 18.00 H A 21.00 H

OBRADOIRO DE TALLADO DE CALACÚS

Aínda non tedes calacú? Tallade a vosa cabaza con nós para alumear a noite e acompañar as ánimas. Seguro que tedes ideas terrorificamente creativas!

De 18.00 h a 21.00 h
Para todos os públicos
Sen inscrición previa, por orde de chegada





A partir das 17.30 h

ANIMACIÓN NA CIDADE

O **comercio local** e a **hostalaría** ambientan os seus establecementos coas tradicións da época de Defuntos galega.

Destaca a **rúa Conde de San Román**, que une a Casa da Luz e os Soportais da Ferrería, onde se desenvolven as actividades para a rapazada e as familias.

Ademais, haberá **ambientación musical (DJs)** e sorpresas en varias prazas e locais:

-**Praza da Verdura. Casa da Luz.** De 17.30 h a 21.00 h

-**El Chato Bar** (rúa Don Gonzalo, 11). De 18.00 h a 23.30 h

-**Praza de Méndez Núñez.** De 19.00 h a 23.30 h

-**Praza do Teucro.** De 19.00 h a 23.30 h

-**Campiño de Santa María.** De 19.00 h a 23.00 h

VEN MOVER O ESQUELETO!!

21.00 h
PROCESIÓN DAS ÁNIMAS

Polo centro histórico de Pontevedra (saída da Casa da Luz. Praza da Verdura)

Fronte ás tradicións anglosaxoas, recuperamos os ritos galegos da época de Defuntos. A **Procesión das Ánimas**, hoxe coñecida como Santa Compaña, recibía nomes como Compaña, Estantiga, Enxamio, Estadea, Roldiña ou Antaruxada. Unha procesión silandeira que auguraba a morte e que agochaba o perigo de facer que quen se cruzase con ela acabase encabezando o desfile de defuntos. Recuperámola para gozar do lecer en comunidade e para arredar o medo á morte.

ANÍMATE A PARTICIPAR NA PROCESIÓN DAS ÁNIMAS!!
Ven con sabas, camisóns, roupa branca ou disfrace de pantasma e decora rúas, balcóns, fiestras, portas e escaparates **con cabazas, candeas, castañas, ánimas, teas de araña, esqueletos, corvos, curuxas, mouchos...**

Percorrido: Casa da Luz, praza da Verdura, rúa Sarmiento, praza de Méndez Núñez, rúa Real, praza do Teucro, volta pola rúa Real, Travesía das Ánimas, rúa Don Gonzalo, praza de Curros Enríquez, rúa Soportais, praza da Ferrería, rúa Conde de San Román e volta á praza da Verdura e á Casa da Luz.

Coa participación de **Adarve** e **Teatro con lingua.**

*Durante a procesión reducirase a iluminación das rúas e a música de ultratumba acompañará as ánimas. **Trae a túa propia candea!**




Concello
de Pontevedra